

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE DECEMBRO DE 2009

3.- Aprobación da liquidación do segundo trimestre de 2009 das actividades da rede sociocultural.

Apróbase a devandita liquidación.

4.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de reclamacións contra a asignación de complemento de produtividade ao persoal municipal correspondente ao primeiro semestre do ano 2009.

Estímense os recursos de reposición formulados.

5.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao pagamento de produtividade correspondente ao segundo semestre de 2009, e outros conceptos retributivos extraordinarios.

Apróbanse a asignación dos devanditos complementos.

6.- Proposta da concelleira delegada de Servizos relativa á concesión de premios do sorteo da campaña informativa sobre o uso correcto do colector de envases de plástico, latas e briks.

Apróbase a relación de premiados, que obterán bonos de fin de semana para dúas persoas nunca casa de turismo rural de Galicia.

7.- Adxudicación definitiva do mobiliario da Casa das Asociacións de Servizos Sociais.

Elévase a definitiva a adxudicación á empresa PROXECTA ESPACIOS ÚNICOS, S.L., por importe de 79.591,43 euros

8.- Aprobación da liquidación das festas do Apóstolo 2009.

Apróbase a devandita liquidación.

9.- Prórroga do contrato de vixilancia do Estadio de San Lázaro.

Acórdase a prórroga do devandito contrato coa empresa SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MANTEMENTOS A-1, S.L., polo período dun ano, a contar dende o 20 de decembro de 2009 ata o 19 de decembro de 2010.

11.- Dar conta da Resolución da presidencia da Excma. Deputación da Coruña de aprobación da subscrición do convenio para financiar o mantemento dos centros socioculturais municipais de A Rocha, Roxos - Vilvestro, Santa Cristina de Fecha e Sabugueira, durante 2009.

Dáse conta da devandita resolución pola que se aproba o convenio, polo que a Deputación achegará unha achega máxima de 145.000 euros

12.- Dar conta da Resolución da presidencia da Excma Deputación da Coruña de aprobación da subscrición do convenio correspondente a subvención nominativa concedida para o financiamento do Compostela festival 2009. "Músicas do Mundo" .

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, pola que a Deputación achega 60.000 euros para o programa.

13.- Dar conta da concesión dunha axuda ao Concello pola Deputación Provincial para o financiamento do mantemento do servizo de Normalización Lingüística.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 12.000 euros.

14.- Dar conta de corrección de erro no acordo número 33 desta Xunta de Goberno Local de data 24.11.2009.

Dáse conta da corrección do devandito erro material.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica dando conta da concesión dunha subvención pola Consellería de Traballo, e prórroga da contratación dun axente de emprego.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 24.900 euros para a prórroga do devandito contrato.